

O Tombo de Iria (século XV): un achegamento inicial ao estudo das súas características materiais e da súa historia

TOMBO DE IRIA (15TH CENTURY): AN INITIAL
APPROACH TO THE STUDY OF ITS MATERIAL FEATURES
AND ITS HISTORY

ADRIÁN ARES LEGASPI
Universidad de Sevilla

O Tombo de Iria (século XV): un achegamento inicial ao estudo das súas características materiais e da súa historia

Adrián Ares Legaspi
Universidad de Sevilla

47

Resumen. No século XV o cabido da Igrexa de Santa María de Iria encarga a confección dun libro no que recoller os bens e facenda da institución, o coñecido como Tombo de Iria. Mais o exemplar que chegou á actualidade non foi o único texto que se creou, nin sequera o primixenio. O códice que aquí analizamos trátase dunha copia en pergameo dun anterior feito en papel, polo que tamén o tipo de soporte material estará acompañado duns compoñentes formais que posúen unha función concreta: a escritura, a disposición do texto, a decoración, etc. Elementos que, xunto coa historia do tomo (contexto no que se crea, autor material e tradición documental), serán os asuntos que abordaremos nesta investigación.

Palabras clave: paleografía, diplomática, codicología, Crónica de Iria, Santa María de Iria, Padrón

Códigos UNESCO: Paleografía (550508), Historia de la Iglesia (550690).

EL TUMBO DE IRIA (SIGLO XV): UNA APROXIMACIÓN INICIAL AL ESTUDIO DE SUS CARACTERÍSTICAS MATERIALES Y SU HISTORIA

Resumen. *En el siglo XV el cabildo de la Iglesia de Santa María de Iria encarga la confección de un libro en el que recoger los bienes y hacienda de la institución, el conocido*

como Tombo de Iria. No obstante, el ejemplar que llegó hasta la actualidad no fue el único texto que se creó, ni siquiera el primigenio. El códice que aquí analizamos se trata de una copia en pergamino de uno anterior hecho en papel, por lo que también el tipo de soporte material se acompañará de unos componentes formales que poseen una función concreta: la escritura, la disposición del texto, la decoración, etc. Elementos que, junto con la historia del tumbo (contexto en el que se crea, autor material y tradición documental), serán los asuntos que abordaremos en esta investigación

Palabras clave: paleografía, diplomática, codicología, Crónica de Iria, Santa María de Iria, Padrón

TOMBO DE IRIA (15TH CENTURY): AN INITIAL APPROACH TO THE STUDY OF ITS MATERIAL FEATURES AND ITS HISTORY

Abstract. *In the 15th century, the council of the Church of Santa María de Iria commissioned the preparation of a book in which to collect the institution's ownerships and finances, known as Tombo de Iria. However, the copy that has reached the present day was not the only text that was created, not even the original one. The codex that we analyze here is a parchment copy of a previous one made on paper, so the type of material support will also be accompanied by formal components with a specific function: writing, text arrangement, decoration, etc^a. Elements that, with the history of the 'tumbo' (context in which it is created, material author and documentary tradition), will be the issues that we will address in this research.*

48

Palabras clave: paleografía, diplomática, codicología, Crónica de Iria, Santa María de Iria, Padrón

... presentaron á súa mercede huun libro de tumbo feito por carta e abtoridade dos juízes de la audiencia da dita santa iglesia compostellana, feito e scripto en papel e firmado de dous notarios.
ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 1r

... este libro tunbo de pergameno que vay encadernado en que ha nouenta follas que son çento e oytenta planas. ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 90r

Empezó en 5 de mayo de 1440. Este tumbo, el más antiguo que existe de la excatedral y excolegiata de Santa Eulalia y Santa María de Iria Flavia, citado por los eminentes arqueólogos Ferreiro y Fita en el principio de sus <<Documentos antiguos de la iglesia compostelana>>, es entregado para mayor custodia y perpetuidad al excelentísimo señor arzobispo de Santiago de Galicia, el doctor don José Martín de Herrera y de la iglesia, hoy 23 de mayo de 1892, por el rector de Santa María la Real de Sar y su menor capellán, (...), Francisco González Gómez. No reparo en tasar su valor en 2.500 pesetas o sean 10.000 reales de vellón. Es un apeo simple del siglo XV y sin mayor importancia.
AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 3, Leg. 3

3ª y última copia que se sepa hasta hoy, 10 de enero de 1895, del célebre y antiguo tumbo colorado o de tablas de la ex-colegiata de Santa María de Iria. AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 2

INTRODUCCIÓN¹

A cidade de Santiago de Compostela foi un dos principais núcleos –se non o máis importante– de cultura escrita da diocese da que era sede principal ao longo da Idade Media. Un centro de expedición de documentos e de elaboración de libros no que a presenza da escritura medrou conforme avanzaron eses séculos e se achegaba a Idade Moderna. Tombos, códices diplomáticos, libros administrativos e económicos, protocolos notaria e rexistros... enchen na actualidade os arquivos da cidade levítica. Porén, entre eles podemos atopar múltiples produtos que non foran confeccionados en Santiago, senón que proviñan de diferentes poboacións do arcebispado, de mosteiros, das escribanías das coñecidas como *terras* ou arciprestados², de casas señoriais ou das notaría das vilas. É neste último caso onde imos focalizar os nosos esforzos neste traballo, máis concretamente na vila de Padrón e nunha fonte procedente da colexiata de Iria, o coñecido como *Tombo de Iria*³.

Situado na contorna compostelá, Padrón apenas recibiu a atención dos investigadores da cultura escrita na Galicia medieval, concentrados a meirande parte das veces na cidade de Santiago. Mais, do mesmo xeito que acontecía en Santiago, a vila de Padrón contou cunha variedade de oficinas documentais moi ampla, sobresaíndo as catro do número; cantidade semellante ás que existían na cidade compostelá⁴. Un feito que seguramente se explique polo posible impacto que tiñan na vila as actividades económicas e comerciais⁵. Asemade destas

¹ Abreviaturas empregadas: Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela (ACS), Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS).

² VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes, *Notarios, notaría y documentos en Santiago y su Tierra en el siglo XV*, A Coruña, Edicións do Castro, 2001, p. 20.

³ Cando empregamos esta denominación ao longo do traballo facémolo para nos referir estritamente ao exemplar producido en pergameo e que se atopa no Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela, xa que, como máis adiante veremos, existiron outros manuscritos que tamén serían susceptibles de recibir este mesmo nome debido á tradición documental que se establece entre eles e o citado libro.

⁴ AHUS, Protocolos notariais, Padrón, P-1.

⁵ MARTÍNEZ GIJÓN, José, “Estudios sobre el oficio de escribano en Castilla durante la Edad Moderna”, en *Centenario de la ley del notariado. Sección I. Estudios históricos*, Madrid, 1964, p. 271. Onde primeiro se estipula a lei sobre o número de notarios dunha poboación é no *Fuero Real* de Alfonso X. Vid. tamén BONO HUERTA, José, *Historia del*

escribanías, o outro centro de produción escrita desta poboación foi a mencionada colexiata na cal, como máis adiante analizaremos, puideron traballar diferentes notarios⁶. Entre os códices e diplomas xurdidos da institución, destaca o tomo que supón o obxecto de estudo desta investigación. Libro do século XV que se crea cunha función determinada e para a cal os compoñentes materiais do códice xogaban un papel de especial relevancia. O tipo de soporte empregado, o modelo gráfico tanto do texto como das partes resaltadas do mesmo ou a estrutura visual da páxina son algunhas das cuestións que abordaremos deseguido; para, por último, intentar botar luz sobre a historia do libro, é dicir, sobre a tradición documental do seu contido.

CARACTERÍSTICAS MATERIAIS DO CÓDICE

O *Tombo de Iria* consérvase hoxe en día no Arquivo da Catedral de Santiago coa sinatura CF 23. Trátase dun libro en pergameo encadernado con tapas de madeira recubertas de coiro e que presenta catro nervios que sobresaen no lombo, dúas cabezadas e cella en todos os lados do volume. Ademais, o seu estado de conservación é bo.

O códice posúe un total de 95 folios, con dúas gardas voantes tanto ao comezo como ao final. A súa composición de cadernos é moi regular pois está conformada por un binión, nove quinións e un folio cosido ao resto do soporte. Como comprobaremos máis adiante coa análise gráfica, aínda que o traslado do libro orixinal empeza no recto do primeiro quinión, o binión inicial (onde se recolle o testemuño da data da elaboración material deste exemplar e a copia de dous diplomas do século XII, un outorgado polo arcebispo Xelmírez e outro polo rei Fernando II) debeu de ser confeccionado xunto co resto de quinións, mais o derradeiro folio probablemente foi engadido con posterioridade.

A construción do códice respecta a lei de Gregory e todos os cadernos comezan pola parte da carne do pergameo, sendo ademais este lado, no recto do folio quinto, onde se inicia a posta por escrito do texto trasladado do tomo primixenio. Por outra banda, o libro non conta con foliación; mais si posúe sinaturas de cadernos, aínda que non en todos, xa que no sexto e nos dous

derecho notarial español, vol. II, Madrid, Junta de Decanos de los Colegios Notariales de España, 1982, p. 148.

⁶ Xa que a historia da igrexa de Iria non é obxecto deste estudo, remitimos ao lector á investigación de López Alsina: LÓPEZ ALSINA, Fernando, “De Santa Eulalia de Iria Flavia a Santiago de Padrón: la transformación medieval”, en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, vol. II, León, Centro de Estudios e Investigación “San Isidoro”, 2004, pp. 829 y ss.

últimos quinións non se aprecia ningún resto deste elemento organizativo. O reclamo é horizontal e atópase na marxe inferior da páxina e cara á dereita, sen chegar a entrar na marxe vertical, mais algún pode estar no centro da marxe (f. 74v). Igualmente, no espazo inferior do folio é onde se sitúan as firmas dos notarios Xoán Lourenzo e Xácome Rodríguez. Noutras marxes localízanse tamén algunhas mans que sinalan unha parte da composición ou ben anotacións coa mesma letra do texto e, en moi poucas ocasións, algunha realizada na Idade Moderna.

No relativo ás medidas dos folios, estas son de 284x215mm⁷, ocupando a caixa de escritura 207x134mm. A marxe superior é de 28mm a alto e a inferior de 49mm, mentres que a interior é de 32mm de ancho e a exterior de 49mm. O único pautado que existe é o da caixa de escritura, realizadas cunha punta de chumbo e chegando as liñas rectrices ata os bordos do folio. Ademais, nesta disposición da páxina, a escritura comeza sempre dentro da caixa de escritura, é dicir, no sistema nomeado “below-top line”, típico dos códices pertencentes á tradición gótica medieval⁸.

O códice non posúe ningún elemento decorativo agás as diversas *escrituras distintivas*⁹ empregadas con certa frecuencia, mais sen sobresaír polos seus compoñentes visuais. É dicir, estamos a falar das diversas letras que aumentan o seu módulo dentro do texto para iniciar algunha parte do contido e que, xunto con este cambio no tamaño, varían tamén o modelo gráfico respecto do resto de letras. Se, como veremos a continuación, a gótica híbrida é a utilizada no texto base, a escollida para as escrituras distintivas soe ser unha gótica textual con formas minúsculas¹⁰, mais que, ás veces, presenta tamén algunhas *maiúsculas románicas*¹¹, polo que xa se ven anunciando nesta época a futura

⁷ Tomamos o folio 5, no seu recto, como pauta para o resto de medidas por ser onde se inicia a escrituración do texto base.

⁸ RODRÍGUEZ DÍAZ, Elena E., “La factura del códice gótico castellano: un avance de resultados”, *Gazette du livre médiéval*, 47, 2005, p. 7.

⁹ Para este termo *vid.* CAVALLO, Guglielmo, “Iniziali, scritture distintive, fregi. Morfologie e funzioni”, en Cesare SCALON (ed.), *Libri i documenti d’Italia: dai longobardi alla rinascita delle città*, Udine, 1996, pp. 15-34.

¹⁰ KOCH, Walter, “The Gothic script in inscriptions. Origin, characteristics and evolution”, en M^a. Encarnación MARTÍN LÓPEZ, Vicente GARCÍA LOBO (coords.), *Las inscripciones góticas*, León, 2010, pp. 9-27.

¹¹ GIMENO BLAY, Francisco M., “De la “luxurians littera” a la “castigata et clara”. Del orden gráfico medieval al humanístico (siglos XV-XVI)”, *Litterae Caelestes*, 2, 2007, p. 28.

evolución da escritura en Galicia cara ás tendencias procedentes de Italia que traían con elas a introdución das capitais epigráficas¹².

A composición gráfica máis complexa que atopamos neste libro é a correspondente ao folio 5, onde, lembremos, se iniciaba o traslado do tomo orixinal en papel. Neste caso, o amanuense emprega ao comezo do texto unha uncial de cor vermella á cal seguen varias liñas de escritura trazadas cunha gótica textual fracturada, moi caligráfica (Figura 1). Ao rematar a invocación deste documento, momento no que se abandona a gótica fracturada, empeza a datación do diploma, polo que a letra A de ‘anno’ volve a ser unha uncial vermella, mais desta vez cun módulo moito menor, mentres que a partir de aí, e ata o final do diploma, xa se empregará de xeito homoxéneo a gótica híbrida característica deste códice, só interrompida cando, como xa apuntabamos, algunha parte do texto se remarque coas góticas textuais fracturas de maior tamaño (f. 52r). En definitiva, lonxe de falar dunha función decorativa -ou polo menos de tratarse da principal das escrituras distintivas-, semella que estes mecanismos de realce xogaron máis ben un papel de artellamento do contido, é dicir, de organización e xerarquización da información antes que de iluminación da páxina¹³.

En canto á escritura do volume, o modelo gráfico empregado no texto base foi a gótica híbrida da tradición castelá que, seguindo o esquema de Gumbert, correspóndese co grupo H¹⁴ e que nalgúns casos os especialistas na historia das escrituras peninsulares da Idade Media fan coincidir coa gótica precortesana¹⁵. Dende o punto de vista dos seus elementos formais, trátase dun modelo gráfico que se atopa a medio camiño entre a textual e a cursiva, debido aos compoñentes que presentan algunhas das súas letras (Figura 1). O feito de que non se empreguen bucles nos trazos elevados do *b*, *h* ou *l* aproxima este tipo

¹² Analizamos a adopción dos modelos gráficos da humanística en Santiago de Compostela en: ARES LEGASPI, Adrián, “La introducción de la escritura humanística en la Iglesia de Santiago de Compostela: fechas, protagonistas y características”, M^a Luisa Pardo Rodríguez (coord.), *Iglesia y Escritura en Castilla. Siglos XII-XVII*, Sevilla, Universidad de Sevilla, 2019, pp. 13-43.

¹³ SUÁREZ GONZÁLEZ, Ana, “La Biblia visigótica de la Catedral de León (Códice 6): primeros apuntes para un estudio arqueológico”, *Estudios Humanísticos. Historia*, 10, 2011, p. 193.

¹⁴ GUMBERT, J. Peter, “A proposal for a Cartesian nomenclature”, en J. Peter Gumbert, Max Jean Marie de Haas (coords.), *Essays presented to G. I. Liefstinck*, vol. IV, Ámsterdam, A. L. van Gendt & Co., 1976, p. 47.

¹⁵ SANZ FUENTES, María Josefa, “La escritura gótica documental en la Corona de Castilla”, María Josefa Sanz Fuentes, Miguel Calleja Puerta (coords.), *Paleografía II: las escrituras góticas desde 1250 hasta la imprenta*, Oviedo, 2010, pp. 107-126.

de realización ás máis propias do conxunto das textuais, mais, por outra banda, a escolla do *a* con forma triangular ou o alongamento dos caídos do *f* ou do *s* baixo a liña de escritura son feitos característicos do filón cursivo. É dicir, en termos de estrutura gráfica¹⁶, falamos dun modelo que mestura elementos do *modus scribendi* sentado, das formas trazadas de xeito pausado, con outros do *modus cursivo* que mostran certo aceleramento da pluma sobre o pergameo (aínda que as ligaduras non son moi comúns, nexos ou elisións entre letras permítennos albiscar este fenómeno¹⁷).

Porén, o máis importante deste tipo de escritura non só foi a súa morfoloxía e forma na que se relacionaban os diversos compoñentes da cadea gráfica, senón tamén a función do propio modelo. A gótica H xogou un papel de especial relevancia á hora de confeccionar códices que posuían certa solemnidade, mais que non requirían o emprego das letras que ocupaban a posición máis elevada na xerarquía gráfica, as textuais. É dicir, en libros de menor luxo como tombos e códices diplomáticos, a diferenza do acontecido nos litúrxicos como breviarios ou misais, a híbrida foi a súa escritura máis característica ao longo da Baixa Idade Media. Este modelo gráfico introducírase no mundo librario no século XIV procedente do ámbito documental¹⁸, xunto con outras formas propias do grupo da cursiva¹⁹, e perdurou ata os primeiros anos do século XVI nalgúns dos códices vencellados ás tendencias gráficas medievais. Isto significou, polo tanto, que a gótica H non cumpría unha función unicamente de posta por escrito dunha mensaxe textual determinada, senón que tamén se artellaba como un elemento visual da páxina, como un compoñente que transmitía un grao intermedio de solemnidade do libro.

¹⁶ Para un estudo en profundidade deste tipo de metodoloxía, a estruturalista, no eido da paleografía *vid.* CASAMASSIMA, Emanuele, *Tradizione corsiva e tradizione libraria nella scrittura latina del Medioevo*, Roma, Roma Gela, 1988; e máis recentemente *vid.* CECCHERINI, Irene, “Structure et style: observations paléographiques pour l’étude des écritures cursives à Florence aux XIII^e et XIV^e siècles”, *Ruling the script in the Middle Ages*, Turnhout, 2016, pp. 109-130.

¹⁷ Estes mecanismos de unión entre letras foron xa analizados por ZAMPONI, Stefano, “Elisione e sovrapposizione nella littera textaulis”, *Scrittura e civiltà*, 12, 1988, pp. 135-176.

¹⁸ CAMINO MARTÍNEZ, Carmen del, “Notarios, escrituras y libros jurídicos. Algunas consideraciones”, en Miguel Calleja Puerta, María Luisa Domínguez Guerrero (eds.), *Escritura, notariado y espacio urbano en la Corona de Castilla y Portugal (siglos XII-XVII)*, Gijón, 2018, pp. 63-79.

¹⁹ MILLARES CARLO, Agustín, *Tratado de paleografía española*, t. I, Madrid, Espasa-Calpe, 1983, p. 214.

Esta híbrida foi o modelo gráfico utilizado en todo o códice, mais non sempre podemos identificar inequivocamente o seu autor material. Como veremos deseguido, o artífice da escrituración do *Tombo de Iria* foi Xácome Rodríguez, ou polo menos en canto ao texto base se refire, é dicir, á parte elaborada non antes do 19 de novembro de 1457. A partir do folio 90r en diante, momento no que se recollen as sinaturas dos notarios responsables da copia do libro (a diferenza de Xácome Rodríguez, Xoán Lourenzo emprega na súa *completio* notarial unha gótica cursiva cortesá -Figura 2), aparecen diversos traslados, gran parte dos mesmos simples, dos que non se especifica a data da copia nin o amanuense que as realiza. Porén, a morfoloxía e forma de executar a cadea gráfica é moi semellante ás do texto base do códice polo que esta man podería tratarse da de Xácome Rodríguez. Aínda así, o feito de atopar nalgúns destes folios escrituras que, sobre a base da gótica H, trazan bucles nos *b*, *h* e *l* (o cal sitúa a este modelo no grupo C/H de Gumbert -Figura 3-ou na categoría de semihíbrida de Derolez²⁰) ou ben que, debido á inclinación das letras, o remate afiado dos caídos, o trato máis fino dos bucles ou o uso do *s* con forma de B en final de palabra, estas mans lembran as características da mixta francesa²¹, pode supor que estas páxinas foran confeccionadas por outro escriban de quen descoñecemos nome e cargo. Finalmente, unha anotación no recto do folio 95 pecha este libro cunha cortesá trazada con certa vacilación, mais que, desta volta, si podemos datar no ano de 1477.

HISTORIA DO CÓDICE

Ao inicio deste traballo recollíamos as diferentes mencións feitas aos libros encargados pola colexiata de Santa María de Iria. Agora ben, deberíamos de falar de libro en singular ou de libros en plural? É dicir, estas referencias fanse todas ao mesmo tomo ou ben a varios e, polo tanto, distintos uns dos outros en termos de materialidade e tradición documental? De ser así, cal puido ser a relación establecida entre cada volume ou o obxectivo co que se crea cada un deles? Para dar resposta a estas cuestións comezamos polos feitos acontecidos no século XV.

Grazas ao primeiro texto que se recolle no *Tombo de Iria* no folio 1 sabemos que o 19 de novembro de 1457 o arcebispo compostelán Rodrigo de

²⁰ DEROLEZ, Albert, *The palaeography of gothic manuscript books: from the twelfth to the early sixteenth century*, Cambridge, Cambridge University Press, 2003, pp. 163 ss.

²¹ SMITH, Marc H., "L'écriture de la chancellerie de France au XIV^e siècle: observations sur ses origines et sa diffusion en Europe", en Otto Kresten, Franz Lackner (eds.), *Régionalisme et internationalisme: problèmes de paléographie et de codicologie du Moyen Âge*, Viena, 2008, pp. 279-298.

Luna estaba presente na colexiata de Santa María de Iria e ante el compareceron os cóengos de dito cabido: Pedro Martínez, Cristóbal Lourenzo, Gonzalo Vázquez, Marcos Fandiño, Xoán de Conxo, Roi Colmelo, Pedro García e Xoán Moniz²². Estes presentan “huun libro de tumbo feito por carta e abtoridade dos juízes de la audiencia da dita santa iglesia compostellana, feito e scripto en papel e firmado de dous notarios, Pedro Martínez, notario de Padrón, e Juan da Rigueira, notario apostólico”, co fin de que se “trasladasen [...] pergameno e que los juezes de súa audiencia e de la villa de Padrón [...] todo seu arçobispado que iugasem por el e o oubesem por libro auténtico e as cousas en el contindas por çertas e vedadeiras segundo que estaua feyto”²³. É dicir, coa intención de que se realizara unha copia en pergameo do libro escrito en papel, a cal a primeira delas é a que examinamos neste traballo.

O obxectivo co que nace o exemplar en pergameo énos descoñecido polo momento, mais todo semella que se podería deber a dous motivos. Por unha banda, podemos pensar nunha finalidade relacionada coa preservación do contido, xa que este tipo de medidas foron moi habituais nos séculos XV e XVI no ámbito da cultura escrita compostelá²⁴. Por outra, unha hipótese complementaria a esta é a da creación dun manuscrito cun maior grao de solemnidade, cun aspecto externo moito máis coidado. Dúas teorías que ben poden converxer nun único produto, pois comprobamos como este exemplar do *Tombo de Iria* chegou ata os nosos días e ademais reflicte unha preocupación -a través dos compoñentes materiais do libro que estudamos no apartado anterior- pola imaxe visual do código.

Neste último senso, a relevancia do tomo está en clara sintonía co seu contido, no cal se recollía “a partiçón e limitaçón das herdades e posisoóns e dereitos da dita iglesia Diria et lymitaçón dos términos da dita parrochia et traslados dos priuilegios e exerçços e boos costumes da dita iglesia Diria”²⁵. Estamos a falar, polo tanto, dun libro que, dende o punto de vista da tipoloxía documental transcrita nas páxinas do volume en papel, nacera co propósito de “fundamentar e assegurar os intereses económicos do Cabido de Íria, postos em

²² LÓPEZ FERREIRO, Antonio, D. Rodrigo de Luna: estudio histórico, Santiago de Compostela, Imp. José M. Paredes, 1884, p. 27.

²³ ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 1r.

²⁴ Para documentación do século XV copiada sistematicamente no XVI *vid.* AHDS, Fondo Xeral, Bens e rendas da Mitra ou AHDS, Reais cédulas e providións. Son ámbalas dúas series conformadas en gran medida por traslados elaborados ao longo do Cincocentos coa intención de conservar o contido destas pezas, mais sobre todo en 1589 na iniciativa promocionada polo prelado Xoán de Sanclemente.

²⁵ ACS, CF 23, Tombo de Iria f. 1r.

perigo pelos arcebispos compostelanos desde finais do séc. XIII²⁶ e, sobre todo, coa idea de “abrirle paso al nuevo estatuto” da igrexa de Iria como segunda sé logo da compostelana²⁷. Unha razón, a conflitividade entre organismos, moi frecuente detrás da orixe dos carteiros das institucións eclesiásticas da Alta e Plena Idade Media²⁸.

Esclarecidas as causas que puideron dar lugar á confección de dous libros, o primeiro en papel e o segundo en pergameo cun tratamento máis coidado, é preciso agora abordar as cuestións da data da elaboración do códice e máis os seus artífices materiais. Respecto do primeiro asunto, foron diversos os investigadores que foron perfilando a posible datación do libro. López Alsina fala do ano de 1457²⁹, mentres que Souto Cabo asegura que o códice debeuse de crear antes do 19 de novembro dese mesmo ano³⁰, día no que, como xa mencionamos máis arriba, os membros do cabido de Iria compareceran diante do arcebispo Rodrigo de Luna para presentar o exemplar en papel.

Porén, na nosa opinión, a elaboración material do tomo tivo que ser posterior ao 19 de novembro de 1457 debido a unha circunstancia moi concreta: o pasamento dos notarios Xoán Leal e Pedro Martínez, acontecido logo da citada data. Mais volvamos ao día en que Rodrigo de Luna ordena o traslado en pergameo do *Tombo de Iria*. Naquel intre, xunto cos cóengos de Iria, tamén se atopaban presentes os individuos que debían de copiar, ou facer copiar, o libro primixenio: “pediron a nos, os ditos Pedro Martínez, cóengo, e Juan Lourenço e a Juan Leal, notarios, que trasladásemos ou fezésemos trasladar o dito libro de tumbo e lo désemos signado de nosos signos”³¹. Estas indicacións son as que aparecen no primeiro folio do exemplar en pergameo e son as que, como máis adiante veremos, nos permiten saber que este códice non foi o primeiro nin o orixinal. Agora ben, unhas poucas liñas máis abaixo, e coa mesma escritura –é dicir, asentado no mesmo momento e pola mesma man– lemos o seguinte: “Et agora por quanto os ditos Pero Martínez e Juan Leal son falecidos da vida presente, o fiz escripuir en pergameno et siney de meu nome e signo en testimonio de verdad”³². Comprobamos, polo tanto, que no instante no que se

²⁶ SOUTO CABO, José Antonio, “Rui Vasques e a Crónica de Íria”, *Verba*, 41, 2014, p. 308.

²⁷ LÓPEZ ALSINA, F., “De Santa Eulalia [...], op. cit., pp. 858 e ss.

²⁸ RODRÍGUEZ DÍAZ, Elena E., “Los cartularios en España: Problemas y perspectivas de investigación”, en Elena E. Rodríguez Díaz, Antonio Claret García Martínez (eds.), *La Escritura de la Memoria: Los Cartularios*, Huelva, Universidad de Huelva, 2011, p. 30.

²⁹ LÓPEZ ALSINA, F., “De Santa Eulalia [...], op. cit., p. 852.

³⁰ SOUTO CABO, José Antonio, “Rui Vasques e a Crónica de Íria”, *Verba*, 41, 2014, p. 307.

³¹ ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 1v.

³² *Ibidem*, f. 1v.

remata de confeccionar o tomo en pergameo os citados notarios xa feneceran, o cal aínda podemos certificar con maior seguridade a través do asento que finaliza a copia do texto base, realizado da propia man de dous notarios: Xoán Lourenzo e Xácome Rodríguez. Neste caso, afirma o primeiro:

“Eu, Juan Lourenço, clérigo da diócese de Conpostella, notario apostólico jurado por la autoridad apostolical, a esta abtoridad et decreto que o dito señor arçobispo, dom Rodrigo de Luna, interposso et deu a este lybro de tumbo dentro da iglesia colegial de Santa María Diria, presente foy con os ditos testigos et o fyz escripuir bem et fielmente por Jácome Rodríguez, cóengo et notario da santa iglesia, en este liuro de tumbo de pergameno, que vay encadernado, en que ha noueenta follas de pergameno, que son çento et oyteenta planas con esta vltima en que vay meu nome et signo et do dito Jácome Rodríguez. E van firmadas en fin de cada plana de nosos nomes acostumbrados”³³.

Xácome Rodríguez testemuña asemade:

“Eu Jácome Rodríguez, cóengo da iglesia de Santa María Diria et notario público jurado do cabidoo da dita iglesia et da villa e chaues de Padrón et de seu julgado porlo señor arçobispo de Santiago, este traslado do dito tunbo que era scripto en papel e firmado dos nomes do dito Pero Martínez, cóengo e notario, meu antecesor, e de Juan da Rigueira, notario apostólico, aquí ben e fieelmente trasladey en este libro tunbo de pergameno”³⁴.

Deste xeito, verificamos ao longo de todas as páxinas deste códice que foron Xoán Lourenzo e Xácome Rodríguez quen asinan concedendo validez ao libro (isto indica que cando se escribe este códice xa se producira o pasamento dos notarios Xoán Leal e Pedro Martínez), ademais de comprobar a autografía por parte do segundo, xa que a escritura do texto base coincide co modelo gráfico empregado por el no segundo asento notarial³⁵.

Isto xera, ademais, unha diferenca cualitativa de gran calado entre a nosa interpretación e aquela sostida tradicionalmente, xa que, segundo nós, o 19 de novembro de 1457 só se presentara un libro, o de papel, sendo o de pergameo

³³ *Ibidem*, f. 89v.

³⁴ *Ibidem*, f. 90r.

³⁵ A copia de códices por parte de membros do sector eclesiástico e/ou de notarios apostólicos, como é o caso de Xácome Rodríguez, foi unha práctica moi común na Coroa de Castela durante a Idade Media: RODRÍGUEZ DÍAZ, Elena E., “Ámbito de actuación profesional de los copistas de libros castellanos (s. XV)”, en Marie-Clotilde Hubert, Emmanuel Pouille, Marc H. Smith (coords.), *Le statut du scripteur au Moyen Âge*, Paris, École des chartes, 2000, pp. 291-323.

unha creación posterior no tempo -sen saber aínda o intre exacto no que se confeccionou. López Ferreiro aseguraba que o arcebispo Rodrigo de Luna

“por el mes de Noviembre de 1457 se hallaba en Iria, y el 19 de dicho mes *seendo asentado no coro vaixo* (a cursiva é do autor) da Colegiata, acompañado de varios prebendados y vecinos de Santiago, el Cabildo iriense le presentó una copia en pergamino del Tumbo que en el año 1440 habían compilado en papel los notarios Pedro Martiz y Juan da Rigueira. El objeto de esta presentación fue obtener del Prelado un decreto por el cual se declarase auténtica, y con valor jurídico dicha copia”³⁶.

O cambio na nosa hipótese supón, polo tanto, unha nova consideración na datación do *Tombo de Iria* de pergameo (o conservado no Arquivo da Catedral de Santiago), deixando de ser o fito do 19 de novembro de 1457 un elemento *ante quem* respecto da elaboración do códice, para pasar a ser unha data *post quem*.

Ata o de agora levamos tratado as características e historia do tomo de pergameo, mais, que foi daquel “feito e scripto en papel e firmado de dous notarios” ao que se refire o auto de 1457? Foi este o primixenio? Conservámolo na actualidade? Pode que a resposta a estas dúas preguntas sexa afirmativa.

No Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, dentro do Fondo Xeral, e máis concretamente na serie denominada *Colexiatas*, podemos atopar na caixa terceira uns cadernos en papel compostos por 57 folios, escriturados cunha gótica de tipo C/H (é dicir, empregando a morfoloxía cursiva do *a*, alongando os caídos de *f* e *s* baixo a liña de escritura e alternando os alzados das letras con bucles e sen eles), e que se corresponden co apeo de 1440 recollido no libro de pergameo. Polo tanto, a cuestión que subsegue irremediabilmente agora é: foi este conxunto de follas (posiblemente formando un manuscrito máis abundante, xa que, se comparamos estas páxinas coas do *Tombo de Iria* de pergameo, comprobamos que as primeiras están incompletas³⁷) as que serviron de modelo para elaborar o códice albergado no arquivo da Catedral? O asunto é difícil de aclarar, posto que existen argumentos ou indicios tanto a favor como en contra da hipótese.

Por unha banda, a materialidade destes folios, a coincidencia do texto ou o modelo gráfico empregado, habitual na escrituración do romance ao longo do

³⁶ LÓPEZ FERREIRO, Antonio, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VII, Santiago de Compostela, Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central, 1898-1910, p. 210.

³⁷ Volveremos máis adiante neste traballo sobre os argumentos para soste que estes cadernos de papel debían de formar parte dun manuscrito máis grande.

século XV, apuntan na dirección dunha posible copia do tomo de pergameo respecto destes cadernos de papel. Igualmente, a datación da confección material deste libro pode ser outro sinal da súa natureza de orixinal. Na cuberta de pergameo destes folios pódese ler o seguinte: “Empezó en 5 de mayo de 1440. Este tomo, el más antiguo que existe de la excatedral y excolegiata de Santa Eulalia y Santa María de Iria Flavia”³⁸. O feito de que este volume sexa o máis antigo da colexiata de Iria pode ser unha referencia a todas luces indiscutible da posición deste manuscrito como o primeiro en ser creado en 1440, o orixinal e primixenio³⁹. De feito, no lombo da encadernación recóllese de novo a referencia á tradición documental destes cadernos: “Original del antiguo tomo de tablas”⁴⁰.

Chegados a este punto, cabe aínda facer outra aclaración. Se o texto base do libro en pergameo se caracteriza por empregar unha gótica de tipo H, a cal é a mesma que se usa na escrituración dos dous documentos do século XII (o de Xelmírez e o de Fernando II, ff. 2r-4v), poderíamos concluír que os documentos que van dende o primeiro folio do tomo en pergameo ata o 90r (lugar onde aparecen as firmas de Xoán Lourenzo e Xácome Rodríguez, que poñen fin ao traslado encargado en 1457) estarían tamén nos cadernos en papel. Mais equivocariámonos, ou polo menos iso semella polas follas que quedan destes. No manuscrito preservado no Arquivo Diocesano -tendo en conta, como xa vimos, que este non está completo- non aparecen por ningures eses diplomas do século XII, polo que cremos que tiveron que ser engadidos na segunda copia. Esta idea de que os documentos do século XII foran asentados con posterioridade a 1440, ven reafirmada -aínda que cunha notable matización, como logo veremos, respecto á tradición documental da obra- polo estudo realizado por López Alsina, xa que este investigador asegura que o “falso privilegio del Tomo de Iria depende textualmente de la Crónica de Iria”⁴¹, ou sexa, que no códice en

³⁸ AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 3, Leg. 3.

³⁹ Para un achegamento ás categorías de orixinal, copia, *refacción*, etc. *vid.* CÁRCEL ORTÍ, M^a. Milagros, *Vocabulaire international de la Diplomatie*, Valencia, Universitat de València, 1994. Mentres que, para un estudo de caso na Coroa de Castela, e sobre todo orientado ao mundo librario, *vid.* BELMONTE FERNÁNDEZ, Diego, “Borradores, originales, copias y recopilaciones: los libros de estatutos del cabildo catedralicio sevillano”, *Historia. Instituciones. Documentos*, 41, 2014, pp. 45-74. Para o contexto internacional europeo *vid.* BOURGAIN, Pascale, “L’édition des manuscrits”, en Henri-Jean Martin, Roger Chartier (dirs.), *Histoire de l’édition française, T. I: Le livre conquérant. Du Moyen Âge au milieu du XVII^e siècle*, París, 1986-1989, pp. 53-93.

⁴⁰ AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 3, Leg. 3.

⁴¹ LÓPEZ ALSINA, F., “De Santa Eulalia [...], op. cit., p. 862.

pergameo utilizáronse como orixinais un libro en papel de 1440 e máis a *Crónica de Iria* elaborada en 1444⁴².

Finalmente, a última proba de que o do Arquivo Diocesano podería ser o manuscrito primixenio é a referencia que recollemos ao inicio deste traballo e que se atopa na cuberta de pergameo doutra copia do *Tombo de Iria*, de novo na serie *Colexiatas* do Fondo Xertal do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Ao comezo deste texto pódese ler: “3ª y última copia que se sepa hasta hoy, 10 de enero de 1895, del célebre y antiguo tumbo colorado o de tablas de la ex-colegiata de Santa María de Iria”⁴³. Trátase dun traslado do códice encargado en 1457 e que sería realizado nos séculos XVIII ou XIX⁴⁴, debido ao tipo de letra utilizada na súa escrituración, unha bastarda española orixinada a comezos da Idade Moderna⁴⁵. Neste caso, o máis relevante deste volume non é o continente nin o contido, senón a anotación, pois nela menciónase que esta é a terceira copia do *Tombo de Iria* e nos, por agora, non atopamos máis que estes tres exemplares: o de papel de 1440, o de pergameo encomendado en 1457 e o trasladado na Idade Moderna. Sendo así, e non habendo máis que tres, o de papel foi o orixinal e o primeiro en ser confeccionado.

Por outra banda, os argumentos que se poderían esgrimir en contra da posibilidade de que este manuscrito, do cal o apeo de 1440 formaría parte, fora a fonte primixenia da que copiar o volume en pergameo son -pensamos nós- moitos menos⁴⁶. Primeiro, o feito de que estes cadernos de papel se

⁴² *Ibidem*.

⁴³ AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 2.

⁴⁴ Comprobamos que esta copia correspóndese co tomo en pergameo por varios motivos. Por unha banda, no comezo deste traslado aparece o diploma do arcebispo Xelmírez que se atopaba no códice encargado en 1457, mais que non figuraba no primixenio de 1440. Un documento que non só é trasladado neste exemplar, senón que, ademais, é traducido ao castelán: “Priuilegio del señor Gelmírez, sacado en romance deel que se halla en lattín, al folio dos del Tumbo colorado ó de tablas que ay en el Archiuo”. AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 2, f. 1r. Por outra banda, neste mesmo volume tamén se copian outros documentos que non estaban no de 1440, aqueles que foran postos por escrito logo do folio 90v do libro de pergameo e que non podían estar no de 1440 por tratárense de diplomas de 1456, 1458 ou 1470. Para estes asentos na copia en papel máis tardía *vid.* AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 2, ff. 161r e ss.

⁴⁵ MARCHANT RIVERA, Alicia, “Escritura hispano-humanística contemporánea”, en Juan Carlos Galende Díaz, Susana Cabezas Fontanilla, Nicolás Ávila Seoane (coords.), *Paleografía y escritura hispánica*, Madrid, Síntesis, 2016, pp. 237-244.

⁴⁶ A contradición entre opinións respecto deste manuscrito en papel semella que foi constante ao longo do tempo. Fronte á importancia de ser o máis antigo e o orixinal do *Tombo de Iria*, noutra nota na cuberta do volume conservado no Arquivo Diocesano

correspondan unicamente co apeo realizado en 1440 podería ser unha proba de que tivo que existir outro libro -tamén en papel segundo o testemuño inicial do *Tombo de Iria*- confeccionado entre esta data e 1457 que servira de base ao códice de pergameo. Esta é a hipótese sostida por López Alsina ao asegurar que nun intre, non antes de 1445, tivo que se elaborar un exemplar en papel que abranguera tanto o apeo de 1440 (o conservado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago) como o resto de diplomas que se recollen no *Tombo de Iria* ata o folio 90r⁴⁷. Porén, que só se conserve o apeo e non o resto de documentos que compoñen o manuscrito de pergameo non significa, na nosa opinión, que houbera máis dunha edición do tomo antes de 1457. O feito de que no primeiro folio do apeo en papel apareza unha sinatura que pola súa localización na marxe inferior semella pertencer a un escribán, mais non contemos con ningunha *completio* notarial no resto de follas, ou o propio estado de conservación dos cadernos e a máis que posible falla de soporte, poden ser síntomas de que este exemplar está incompleto e/ou que fora tirado dun volume máis complexo, onde se poderían atopar o resto de documentos que se trasladan no exemplar en pergameo (agás o documento de Xelmírez).

Unha segunda cuestión que nos podería levar a crer que estas follas en papel supoñen unha cuarta copia do mesmo libro -non se tratando, polo tanto, do orixinal- é a ausencia neste manuscrito das sinaturas de Pedro Martínez e Xoán da Rigueira, posto que, tal e como se pode apreciar no tomo en pergameo, en 1457 presentárase un libro “feito e scripto en papel e firmado de dous notarios: Pedro Martínez, notario de Padrón, e Juan da Rigueira, notario apostólico”⁴⁸. Porén, a falla destas sinaturas nos cadernos do século XV do Arquivo Diocesano non impide, aínda así, que poidamos considerar este manuscrito como o orixinal debido a dous motivos. A causa que implica un razoamento máis sinxelo é que o 19 de novembro de 1457, cando se describe o tomo que serve de modelo á copia non se especifica que os folios en papel levaran a firma dos notarios, o cal supoñía unha diferenza co que acontecía no códice en pergameo, que, como aseguraba Xoán Lourenzo ao validar este segundo exemplar, todas as páxinas do mesmo “van firmadas en fin de cada plana de nosos nomes acostumbrados”⁴⁹. En efecto, moitos dos tomos medievais, así como carteiros e outros códices diplomáticos, non tiñan porque levar a

podemos ler: “Es un apeo simple del siglo XV y sin mayor importancia”. AHDS, Fondo Xeral, Colexiatas, 3, Leg. 3.

⁴⁷ LÓPEZ ALSINA, F., “De Santa Eulalia [...], op. cit., pp. 866 e 867.

⁴⁸ ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 1r.

⁴⁹ *Ibidem*, f. 90r.

sinatura dos notarios encargados da certificación do libro en cada folio, senón que podían posuír unha única dilixencia ao inicio do volume ou ben ao final⁵⁰.

O segundo argumento que nos fai pensar que a ausencia das firmas de Pedro Martínez e Xoán da Rigueira non significa que non esteamos ante o libro mostrado ao arcebispo Rodrigo de Luna na colexiata de Santa María de Iria en 1457 é algo máis complexo e, ademais, comporta un afondamento na natureza diplomática do manuscrito feito en papel. Cando Xácome Rodríguez finaliza a escrituración do tomo de pergameo, ao mencionar o seu rol como autor material, asegura tamén do libro do que lle servira como modelo para esa copia: “o qual achey ennas notas e registro do dito Pero Martínez”⁵¹. A partir de aquí, a interpretación que podemos tirar é dobre. Por un lado, poderíamos pensar que o libro orixinal estaba entre os instrumentos de traballo de Pedro Martínez, entre os papeis nos que figuraban as notas e os rexistros da documentación expedida por este notario, tratándose, polo tanto, dun exemplar -debido ao seu soporte material principalmente- menos aparatoso que o de pergameo e que comportaba un emprego máis sinxelo⁵².

Mais, por outro lado, da expresión “notas e registro” poderíamos deducir que o códice de pergameo non é unha copia dun libro entendido como unha unidade única que contiña os diplomas trasladados logo de 1457, ben delimitada e fisicamente separada doutros produtos escritos, senón que máis ben é a posta por escrito nun novo soporte dos documentos que se atopaban nos rexistros de Pedro Martínez, no libro -agora si- que este notario tiña na súa oficina, onde se recollían os diplomas pasados diante del e que non sempre tiñan porque ter xerado a elaboración dun documento solto expedido en pública forma, pois nesta época o rexistro dun notario contiña a mesma validez cunha peza solta que levara a *completio* notarial⁵³.

⁵⁰ Para un achegamento inicial á cuestión da validación notarial dos carteiros *vid.* RODRÍGUEZ DÍA, Elena E., “Los cartularios en España: problemas y perspectivas de investigación”, en Elena E. Rodríguez Díaz, Antonio Claret García (coords.), *La escritura de la memoria: los cartularios*, Huelva, Universidad de Huelva, 2011, pp. 13-36.

⁵¹ ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 90r.

⁵² Suárez González xa subliñou para a Idade Media a práctica de elaborar “cartularios consistentes en un solo cuaderno o un número reducido de fascículos, prácticos *folletos* más ligeros y manejables que un voluminoso *codex diplomaticus*”. SUÁREZ GONZÁLEZ, Ana, “Los *Libri cartarum Superaddi*: notas para otra lectura (Códices 976 y 977)”, en Raquel Casal García, José Miguel Andrade, Roberto Javier López López (coords.), *Galicia monástica: estudos en lembranza da profesora María José Portela Silva*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2009, p. 43.

⁵³ OBRA SIERRA, Juan M^a. de la, “Los registros notariales castellanos”, *La escritura de la memoria: los registros*, Barcelona, 2011, pp. 98 y 99.

Finalmente, esta última aseveración aínda nos permite tirar outra conclusión máis, relacionada, como dicíamos, coa natureza do tombo de pergameo. Se, efectivamente, se tratase dun códice realizado en base aos libros de notas e rexistro de Pedro Martínez, non deberíamos falar exactamente -nin estritamente- para o *Tombo de Iria* conservado no Arquivo da Catedral dunha copia daquel en papel, senón máis ben dun exemplar no que se recollen diplomas cunha tradición documental denominada por Bono Huerta como “*exemplatio* de notas relictas”⁵⁴. É dicir, dunha *renovación*⁵⁵ -dunha segunda expedición, máis desta volta en formato códex- de documentos trala morte dun notario (pois lembremos que para cando se remata a confección do tombo en pergameo xa se producira o pasamento de Pedro Martínez)⁵⁶, a cal debía de ser aprobada ou validada por un xuíz ou ben por unha figura con autoridade xudicial, que no caso de Santiago de Compostela era o arcebispo⁵⁷. Certificación que se da o 19 de novembro de 1457:

“Et logo, o dito señor arçobispo tomou o dito libro en súas maaos e lo abríó e leeu por (...) et diso que lo avía visto e exsaminado e lo avía por bueno e verdadeiro et feyto por abtoridade ordinaria e cartas de los juezes de la audiencia de su iglesia de Santiago. Et, por ende, diso que mandaua e mandou que lo trasladasen”⁵⁸.

Ademais, esta concepción do tombo de pergameo non só supón pola nosa banda deixar de consideralo un libro de copias -*stricto sensu*- de documentos, senón que tamén nos fai abandonar a terminoloxía máis tradicional e estendida sobre os tombos, comprendidos moitas veces como cartoiros, como códices diplomáticos nos que recoller traslados de documentos da propia

⁵⁴ BONO HUERTA, José, “Modos textuales de transmisión del documento notarial medieval”, *Estudis històrics i documents dels arxius de protocols*, 13, 1995, p. 96.

⁵⁵ Para os distintos estudos centrados nesta categoría da tradición documental dun diploma e as controversias xeradas en torno á súa natureza *vid.* CÁRCEL ORTÍ, M^a. M., *Vocabulaire international de [...]*, op. cit., p. 31; BONO HUERTA, J., “Modos textuales de [...], op. cit., p. 91; OSTOS SALCEDO, Pilar, “Una renovación documental sevillana (s. XV)”, *Historia. Instituciones. Documentos*, 19, 1992, p. 311; GUYOTJEANNIN, Olivier, MORELLE, Laurent, “Tradition et réception de l’acte médiéval: jalon pour un bilan de recherches”, *Archiv für Diplomatik*, 53, 2007, pp. 367-403.

⁵⁶ Unha natureza semellante a esta é a que identificamos nos libros coñecidos como *Tombos da Confraría da Concepción de Santiago de Compostela*: ARES LEGASPI, Adrián, *Expedición de documentos en pública forma en formato códex: los Libros de hacienda de la cofradía de la Concepción de Santiago de Compostela*, 2020. No prelo.

⁵⁷ BONO HUERTA, J., “Modos textuales de [...], op. cit., p. 98.

⁵⁸ ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 1r.

institución⁵⁹. O concepto de tombo, polo tanto, debe de ser entendido, e sempre referíndonos ao caso aquí estudado, como unha tipoloxía máis dentro do termo máis amplo de *libros de arquivo*, o cal tamén pode incluír outros exemplares como cartoiros e rexistros⁶⁰.

CONCLUSIÓNS

Tralo visto ata aquí, podemos concluír que o tombo analizado neste traballo é un produto escrito que debe de ser entendido -e así foi estudado- dende dúas perspectivas distintas, mais complementarias. Unha, considerando o libro como un obxecto físico que presenta unhas características materiais que se explican segundo os propósitos que ten o códice como obxecto; e, outra, comprendendo o tombo como unha peza máis nunha cadea de transmisión dun texto ao longo da historia.

Como obra intelectual, o *Tombo de Iria* nace, como xa vimos, co fin de salvagardar os intereses do cabido de Iria fronte a outras institucións e, sobre todo, a través da ferramenta que supuña a escritura e o acervo documental da Colexiata. Nese senso, a principal necesidade do cabido era contar cun soporte

⁵⁹ CÁRCEL ORTÍ, M^a. M., *Vocabulaire international de [...]*, op. cit., p. 35. Pola súa banda, Adriaan Keller sinala como tanto o termo de *tombo* como de *becerro* chegaron a equivaler ao de cartoiro examinando, ademais, o segundo dos conceptos: KELLER, Adriaan, “El <<becerro>> *Vices Gerens*: con el ternero a la magistratura” en González de la Peña, María del Val (dir.), *Estudios en memoria del profesor Dr. Carlos Sáez: homenaje*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, 2007, pp. 98 e ss. Tamén neste senso son moi ilustrativas as verbas de Rodríguez Díaz: “sería necesario reabrir un debate sobre la caracterización del cartulario en el contexto hispano y la terminología que aparece en nuestras fuentes, porque no todo lo que se denominó “Tumbo” o “Becerro” fue en realidad un cartulario”. RODRÍGUEZ DÍAZ, E. E., “Los cartularios en España [...], op. cit., p. 28. Dentro da casuística galega, e máis concretamente para os exemplos de tombos realizados en Santiago de Compostela vid. DÍAZ Y DÍAZ, Manuel C., LÓPEZ ALSINA, Fernando, MORALES ALVAREZ, Serafín, *Los tumbos de Compostela*, Madrid, Edilán, 1985. Nas páxinas iniciais deste traballo, Díaz y Díaz repara na complexidade terminolóxica que suscita o concepto *tombo* (pp. 11 e 12), mentres que López Alsina mostra como dentro da serie do arquivo da catedral compostelá coñecida como *Tombos A-H*, a natureza dos libros que a compoñen non é a mesma para todos, aínda que o termo *tombo* se empregue de xeito xenérico (pp. 27 e 28).

⁶⁰ SUÁREZ GONZÁLEZ, Ana, “Partidos de Cartularios: una aproximación arqueológica a los ejemplares pregóticos de Oseira, Belmonte, Valparaíso y Valbuena”, *Cistercium: Revista cisterciense*, 246-247, 2007, p. 402. Vid. tamén SUÁREZ GONZÁLEZ, Ana, “Silencio, como en el claustro. Entre libros cistercienses de los siglos XII y XIII”, en Ramón Baldaquí Escandell (coord.), *Lugares de escritura: el monasterio*, Alicante, Universidad de Alicante, 2016, pp. 69-122.

material no que recoller os diplomas que lexitimaban o seus dereitos e poder. É dicir, era o contido o que máis relevancia posuía neste intre. Deste xeito, é así como se confecciona en 1440 un libro, tal vez máis ben entendido como un produto intelectual e non unha unidade física independente, que abrangúa documentación pertencente á Colexiata dos séculos XIV e XV.

Porén, o contido desta empresa inicial axiña sería modificado. Apenas vinte anos despois, non antes do 19 de novembro de 1457, elabórase un novo continente para un contido que, aínda que en liñas xerais mantén o texto de 1440, varían certos aspectos ao engadir o traslado de diplomas tirados doutros códices como a *Crónica de Iria* ou ben a copia simple doutros documentos que, ante a falla doutras novas, serían pezas soltas expedidas en pública forma con anterioridade ao seu asento neste exemplar. Estas cuestións poderíannos facer falar dun libro que non ten porque ser tratado como unha copia propiamente do primixenio, senón que tería unha natureza distinta. Mais, se algo sobresaie neste segundo códice son os seus elementos materiais, posto que xa nada teñen que ver cos que se empregaron no orixinal. O tombo encargado en 1457 a Xoán Lourenzo (como notario que valida os asentos) e Xácome Rodríguez (como artífice da súa posta por escrito) presenta unha confección máis coidada, usando para a súa creación o pergameo, optando por unha *mise en page* máis meticulosa, cun modelo gráfico que transmite certa solemnidade e con algún artificio visual na escritura distintiva.

A escolla de todos estes compoñentes materiais non foi algo accidental, senón que, a diferenza do acontecido no manuscrito en papel, agora existe un esmero na imaxe que se pretende xerar xunto coa mensaxe do propio texto. A función do novo libro non só reside na transmisión dun relato, mais tamén na solemnidade que se percibe nos compoñentes gráficos e codicolóxicos do tombo. É aquí onde vemos converxer, polo tanto, as diferentes intencións da institución: preservación duns dereitos no tempo⁶¹, mellor organización da súa administración e facenda (se temos en conta que o orixinal estaba nos papeis das

⁶¹ A conservación dos produtos escritos do arquivo dunha institución mediante a confección dun libro é unha práctica que tamén nos podería permitir un estudo do arquivo de dito organismo, tal e como bosquejou Suárez González: SUÁREZ GONZÁLEZ, Ana, “Memoria “renovada” a finales del Quinientos: el tumbo *partido* de Santa María de Sobrado”, en Alicia Marchant Rivera, Lorena Barco Cebrián (eds.), “*Dicebamus hesterna die...*”. *Estudios en Homenaje a los Profesores Pedro J. Arroyal Espigares y M^a Teresa Martín Palma*, Málaga, ENCASA Ediciones y Publicaciones, 2016, pp. 534 e ss. Porén, esta é unha investigación que aínda está por facer no caso da Colexiata de Santa María de Iria, pois por agora non atopamos neste códice en pergameo ningunha referencia ao arquivo da institución.

notas e rexistros do notario Pedro Martínez) ou adecuación do soporte no que se atopaba o texto á importancia que posuía o mesmo.

Finalmente, un terceiro chanzo nesta historia é a que supuxo a última copia do contido do segundo exemplar, realizada no século XVIII ou XIX, mais que nada ten que ver coa relevancia concedida no anterior volume ás condicións materiais do continente. Desta volta, a utilización do papel, o uso dunha escritura cursiva nada preocupada pola súa imaxe visual ou a ausencia de calquera elemento decorativo, fannos pensar nun propósito centrado meramente no contido da obra.

En resumo, a investigación que vimos de realizar sobre o exemplar do *Tombo de Iria* que se atopa na actualidade no Arquivo da Catedral de Santiago permitiunos, partindo da información tirada da súa materialidade e dos datos do contexto histórico no que se creou, comprobar cal foi a historia do texto, así como a intención coa que se orixina cada libro no que este se contén. En definitiva, a metodoloxía e obxecto de estudo das diversas disciplinas das ciencias e técnicas historiográficas e aquela da historia -medieval neste caso- danse a man para mostrar como abordar a análise dunha fonte escrita desde unha perspectiva interdisciplinaria.

FIGURAS




Figura 1. ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 5r.

Annuario Sancti Iacobi, 8 (2019), pp. 45-69.
ISSN 2255-5161




Figura 3. ACS, CF 23, Tombo de Iria, f. 91r.